



# PLAN DIGITAL

## CEIP PLURILINGÜE LABACA

[Versión 1.0 9 de xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. **Introdución**

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. **Situación de partida**

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. **Plan de Acción**

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. **Avaliación do PD**

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. **Difusión do PD**

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

Código	Denominación
15020568	CEIP Plurilingüe Labaca

Enderezo		C.P.
Rúa Juan Flórez, 116		15005
Localidade	Concello	Provincia
A Coruña	A Coruña	A Coruña
Teléfonos		Correo electrónico
Dirección: 881960283 Xefatura de estudos: 881960281 Secretaría (fax): 881960284 Conserxería: 881960282		ceip.labaca@edu.xunta.gal
Páxina web		
<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplabaca/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplabaca/</a>		

Número de alumnado por nivel e etapa	
4º Educación infantil	25
5º Educación infantil	25
6º Educación infantil	25
1º Educación primaria	25
2º Educación primaria	25
3º Educación primaria	21
4º Educación primaria	25

5º Educación primaria	27
6º Educación primaria	25
Total:	<b>223</b>

<b>Cadro de persoal do centro educativo</b>	
Persoal docente	19
Persoal non docente	5
Auxiliar lingüístico	1
TOTAL:	<b>25</b>

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

No CEIP Plurilingüe Labaca entendemos a tarefa educativa como proceso de desenvolvemento da personalidade do alumnado, desde perspectivas democráticas de liberdade, tolerancia, integración, espírito crítico en todos os ámbitos da vida persoal, familiar, social e profesional.

Apostamos por unha escola ideoloxicamente pluralista, respectuosa coas ideoloxías e crenzas de todos, na procura de dar os alumnos informacións o máis obxectivas posibles para que, progresivamente, formen os seus propios criterios e podan analizar a realidade e tomar decisións responsables.

Apostamos por formar cidadáns competentes por e para a vida, e formar ao alumnado de maneira que entenda, comprenda, interiorice e aplique as competencias clave no seu día a día para poder desenvolverse nunha sociedade cambiante.

O imparable desenvolvemento tecnolóxico da sociedade está a supoñer retos, impensables hai uns anos, para a educación e a aprendizaxe. Tal vez o máis relevante sexa que nos atopamos cunha nova xeración de aprendices que non tiveron que acceder ás novas tecnoloxías, senón que naceron con elas e que se enfrontan ao coñecemento desde postulados diferentes aos do pasado. Iso supón un desafío para os equipos docentes, para as escolas, para os responsables educativos e para os xestores das políticas públicas relacionadas coa innovación, a tecnoloxía, a ciencia e a educación. A tarefa principal, por tanto, é lograr que o alumnado mellore as súas aprendizaxes coa utilización das tecnoloxías da información. Iso supón configurar un novo escenario nas relacións

entre o profesorado, o alumnado e os contidos do ensino, e facelo tamén na avaliación de todo o proceso.

Se queremos que a nosa sociedade non só sexa da información, senón tamén do coñecemento, debemos darlle a este proxecto un enfoque pedagóxico amplo que sirva para realizar un uso adecuado das TIC, a través do cal a creación de comunidades de aprendizaxe virtuais e o tratamento da información, a xeración de novas estratexias de comunicación e de aprendizaxe sexan imprescindibles. Para levar a cabo as accións planificadas nel necesítase un profesorado formado neste ámbito, que involucre ás TICs no ensino do seu alumnado e o oriente nun uso adecuado das mesmas.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Este Plan Dixital de Centro enténdese coma un instrumento que debe favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto de procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo final de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado. Este plan recolle as accións a desenvolver para a mellora da competencia dixital de toda a comunidade educativa, en especial a do profesorado e do alumnado.

Tendo en conta o mundo no que vivimos, é necesario abordar a tecnoloxía dende unha perspectiva global deseñando planes baseados nas características dos propios centros educativos e tendo en conta a lexislación vixente tal coma:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

### 1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do presente plan tomouse a decisión de crear un grupo de traballo (Equipo de Dinamización do Plan Dixital) entorno a un PFPP dirixido e guiado por un equipo específico e un titor asignado ao noso colexio, o cal forma parte do ADIX 2 Coruña. O grupo de traballo creado no centro consta coa participación de 5 docentes entre as cales atópase a directora do mesmo. Unha

destas persoas foi nomeada coordinadora do plan para así facilitar a comunicación co equipo ADIX 2 e transmitir as directrices e pasos a seguir para a elaboración do presente plan.

Para chegar a este documento seguíronse unha serie de pasos que foron divididos ao longo deste curso escolar 2021/2022.

Durante o primeiro trimestre configúrose o cuestionario de auto-avaliación SELFIE coas directrices do propio entorno web ademais dunhas preguntas a engadir dadas por parte da administración educativa. A partir de aquí e unha vez recollidos os resultados deste cuestionario, no segundo trimestre contestouse vía FPROFE o Test CDD (test de competencia dixital docente).

Cos datos de ambas enquisas, fíxose a análise dos mesmos para poder proceder á elaboración do DAFO e así ver cales eran os puntos fortes e débiles tendo en conta as contornas externas máis internas, e dependendo de diferentes categorías e axentes educativos ou entidades.

A continuación, e tendo en conta os datos do mencionado DAFO procedeuse á redacción do Plan de Acción no que se especifican os obxectivos máis prioritarios a levar a cabo no curso escolar 2022/2023 coas súas acción, responsables e temporalización concretas.

## **2. Situación de partida**

### **2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais**

O centro conta con 3 edificios (edificio principal, outro destinado ás aulas de educación infantil e outro para ás aulas de educación primaria) cunha conectividade a internet a través dunha rede que non é a rede integrada ofertada pola Consellería aínda que neste curso escolar fíxose a petición para a mesma. A conectividade faise a través da wifi e hai tres redes diferentes, unha para o edificio de infantil, outra para o edificio principal e a terceira para o edificio das aulas de primaria.

En canto ao equipamento dispoñible, o centro conta con aulas destinadas á titorías e especialidades coma inglés e música, con conectividade, ordenadores de uso para o profesorado, pantallas dixitais e proxectores.

No edificio de primaria ademais hai dúas aulas destinadas para a labor da especialista de Audición e Linguaxe e outra aula para a especialista de Pedagogía Terapéutica, as dúas cun ordenador e conectividades WIFI. Tamén está o ximnasio, no que se conta cun ordenador e a conectividade á mesa rede antes mencionada.

Por outra banda, no edificio de infantil existe un aula polivalente con conectividade WIFI e un ordenador para uso do profesorado, así coma un proxector e unha impresora.

Con referencia aos equipos adicados á xestión e a administración do centro, o equipo directivo conta cos seus equipos informáticos ademais de dúas impresoras, así coma a conserxería no que hai un ordenador e unha fotocopiadora.

A biblioteca do centro tamén está dixitalizada xa que conta cunha pantalla dixital interactiva posta o curso pasado e un ordenador mercado neste curso académico para a xestión de catálogo de libros, pero non para uso do alumnado ou outros usuarios da biblioteca que non sexan o profesorado ou equipo de dinamización da mesma.

No edificio principal, e no mesmo andar que os despachos do equipo directivo, o centro conta cun espazo dedicado á sala de profesorado no que tamén hai dous ordenadores, unha fotocopiadora e conectividade wifi. Neste mesmo andar atópase o departamento de orientación no que tamén hai conectividade e un ordenador.

Na planta baixa do edificio principal está localizada a aula de informática, equipada con 26 ordenadores, 25 deles destinados ao uso do alumnado, e o outro para o profesorado. Ademais tamén hai un proxector coa súa pantalla correspondente.

O centro educativo conta con servizos dixitais educativos tanto corporativos coma non corporativos. Entre os servizos corporativos atópanse a páxina web, a aula virtual para uso do alumnado a partir de 3º de primaria e o profesorado, e o espazo Abalar para a comunicación coas familias a través do Abalar móbil.

En canto aos servizos non corporativos, faise uso do ClassDojo, blogues de plataformas coma blogspot. O emprego destes servizos faise tendo en conta o cumprimento da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD-GDD)* e as implicacións que esta lei ten nos centros educativos, coma por exemplo as correspondentes autorizacións firmados polas familias do alumnado.

A xestión do mantemento deste equipamento do centro mencionado antes faise a través dos servizos externos dun informático cun contrato no que acude ao centro para os servizos que se requiran nese momento específico, e dicir, para arranxar os equipos cando é preciso. Ás veces tamén faise uso dos servizos da UAC, aínda que soe ser máis rápido o servizo externo pola urxencia dos arranxos requiridos.

A continuación faise referencia aos protocolos do centro relacionados coas TIC. Por unha banda está o Plan de continxencia dirixido á necesidade de ensino non presencial e o cal pode consultarse no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplabaca/taxonomy/term/74>

Por outra banda outro dos documentos relacionados é a concreción anual do Plan TIC recollido na PXA e que se pode consultar no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplabaca/taxonomy/term/48>

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

As fontes empregadas para a análise DAFO foron dous test/cuestionarios feitos coa colaboración de dous dos axentes que constitúen a comunidade educativa, tales coma o alumnado e o equipo docente do centro. Estes cuestionarios son, por unha banda, o cuestionario da auto-avaliación SELFIE e por outra o Test CDD (competencia dixital docente). A continuación faise un resumo dos datos extraídos destas dúas enquisas.

**Auto-avaliación SELFIE:** feita no primeiro trimestre deste curso 2021/2022 coa colaboración do alumnado, equipo directivo e o resto do equipo docente que leva polo menos un ano académico no centro educativo.

A participación neste exercicio de auto-reflexión foi dun 100% por parte do equipo directivo, un 91% do profesorado e un 83% do alumnado.

*Para cada unha das áreas reflectidas na seguinte táboa de resultados, establécese unha puntuación numérica a cal indica a media de respostas feita por cada grupo.*

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	3
	Alumnado	Non houbo preguntas para este grupo
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	2.6
	Alumnado	3.4



<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	2.7
	Alumnado	3.6
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	3.5
	Alumnado	Non houbo preguntas para este grupo
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3.9
	Alumnado	Non houbo preguntas para este grupo
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.5
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	2.8
	Alumnado	Non houbo preguntas para este grupo
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.8

**Test CDD:** test dirixido á todo o profesorado do centro e ofrecido pola Xunta a través da plataforma FPROFE. Foi elaborado no segundo trimestre deste curso 2021/2022. Nas seguintes táboas preséntase un resumo dos datos extraídos deste test con datos coma a participación segundo o perfil do profesorado (táboa 1.3), a puntuación e nivel de competencia do centro (táboa 2.1), puntuación e nivel de competencia por etapas (táboa 2.2) e a distribución do profesorado por niveis (táboa 2.3):

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	10	12	83,3%
<b>PROVISIONAL</b>	3	4	75%
<b>INTERINO</b>	1	1	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	4	50%
<b>OUTROS</b>	1	1	100%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
67,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INFANTIL</b>	75	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
<b>PRIMARIA</b>	73,5	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>Principiante (A1)</b>	1	5,9%
<b>Explorador/a (A2)</b>	8	47,1%
<b>Integrador/a (B1)</b>	5	29,4%
<b>Experto/a (B2)</b>	2	11,8%
<b>Lider (C1)</b>	1	5,9%
<b>TOTAL</b>	17	100%

**Outras fontes:** empregáronse as recomendacións dadas nas formacións feitas polo equipo ADIX2 para a elaboración do Plan Dixital e polo titor asignado para dita tarefa.

### 2.3. Análise DAFO

Nas seguintes táboas preséntase a análise DAFO feito a partires do Informe SELFIE, o Test CDD e as outras fontes mencionadas no apartado anterior que permite así o coñecemento da realidade do centro, en termos de entorno interno mais externo, no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais desta primeira versión do Plan Dixital en termos de obxectivos e acción, que se presentarán máis adiante a modo de Plan de Acción, a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Falta de actualización de equipos e redes dixitais para o ensino-aprendizaxe, xunto cunha asistencia técnica insuficiente (C1, C2,C3, C5, C8, C10, C14, C15, C16).</li> </ul>
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Suficiente participación en proxectos formativos e de innovación (D1, D2,D3).</li> <li>Utilízanse recursos educativos abertos e en liña incluíndo entornos virtuais de aprendizaxe (E1, E3, E5).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Insuficiente creación de recursos propios para reforzar a labor de ensinanza (E2).</li> <li>Insuficiente emprego de prácticas de avaliación facilitadas pola tecnoloxía, incluíndo información e retroalimentación ao alumnado (G).</li> </ul>
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utilízanse recursos educativos abertos e en liña incluíndo entornos virtuais de aprendizaxe (E1, E2, E5).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Insuficiente creación de recursos propios para reforzar a labor de ensinanza (E2).</li> </ul>
	<b>ALUMNADO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Experiencia no emprego de dispositivos dixitais e plataformas educativas así como na creación de contidos por parte do alumnado (H7, H10).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Falta de verificación da calidade da información por parte do alumnado (H4).</li> <li>Comportamento pouco seguro e responsable das tecnoloxías dixitais do alumnado (H1, H3).</li> </ul>
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Profesorado e equipo directivo con boa predisposición de cara a explorar novas modalidades de ensinanza (A3) e recibir asesoramento e colaborar tanto interna coma externamente sobre o uso da tecnoloxía (B2, B3).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Inexistencia dunha estratexia dixital de centro (A1, A2).</li> <li>Non se avalían os progresos en referencia ao uso e manexo das TIC (B1).</li> </ul>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		<ul style="list-style-type: none"> <li>Dificultade na implementación das TCI debido á falta de recursos e equipamento dixital (F1, F3, F4, F5, F6) e tempo para exploralas (A4).</li> <li>Falta de actualización de equipos e redes, e insuficiente asistencia técnica (C1-3, C5, C8, C10, C14-16)</li> </ul>
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>A nova lexislación aposta un pouco máis polas novas tecnoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pouca estabilidade nos cambios lexislativos</li> </ul>
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> <li>Contorna socioeconómica favorable con acceso maioritario a dispositivos dixitais con conectividade (C11, C12).</li> <li>Emprego de ferramentas de comunicación para intercambio bidireccional de información coa comunidade educativa (E4).</li> </ul>	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> <li>Existen canles de comunicación corporativa e doutra índole para a colaboración con outros centros e entidades (B4).</li> </ul>	

### **3. Plan de Acción**

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas neste documento para este curso académico, nos posteriores cursos escolares o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos cos que se conta no mesmo momento de elaboración do presente plan.

Teranse en conta os obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai no centro educativo dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### **3.1. Obxectivos, indicadores e accións**

A continuación preséntase o Plan de Acción a partires dunhas táboas cos obxectivos escollidos para desenvolver e acadar ao longo dunha temporalización concreta. Obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados, marcados en base ao análise do DAFO, tendo en conta as necesidades máis urxentes con respecto ao centro educativo e a súa comunidade. Ademais dos obxectivos, poden verse uns indicadores e os seus valores de partida e chegada así coma as acción para conseguir cada obxectivo, a elección dos responsables das mesas así coma a temporalización e determinación dos recursos necesarios.

<b>“Área/s de mellora”: LIDERADO (A)</b>						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Promover a comunicación entre o centro e as familias mediante o uso da páxina e o Espazo Abalar.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Resultados das estadísticas de uso dos recursos corporativos (web do centro e ABALAR) (Instrumento: enquisa)					
<b>Valor de partida</b>	20% docentes utiliza ferramentas corporativas dixitais no seu traballo diario					
<b>Valor previsto e data</b>	100% dos docentes utiliza ferramentas corporativas dixitais			20 Xuño 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A01.1: Revisar a utilización dos recursos corporativos para a comunicación: páxina web e espazo Abalar.</b>	Equipo directivo	30 Setembro 2022	Equipo directivo Porcentaxe da estadísticas dos recursos corporativos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.2:Fomentar o uso da páxina web con información relevante e actualizada para as familias.</b>	Administradores páxina web	20 Xuño 2023	Dispositivos informáticos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.3:Potenciar o uso</b>	Persoas titoras	20 Xuño 2023	Dispositivos		<b>Realizada</b>	

<b>de Abalar e Abalar Pro mediante o envío de notificacións periódicas.</b>			informáticos Dispositivos móbiles		<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Área/s de mellora”: COLABORACIÓN E REDES (B)</b>						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital. (B3)				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Persoa responsable das actividades complementarias e extraescolares				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de colaboracións con outras entidades (Instrumento: memoria anual)					
<b>Valor de partida</b>	1 colaboración (Plan Director)					
<b>Valor previsto e data</b>	3 colaboracións (charlas, visitas, obradoiros...)			20 Xuño 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN</b>	<b>RESPONSABLES</b>	<b>DATA PREVISTA FIN</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN</b>	<b>ESTADO</b>	
<b>AO2.1:Dar continuidade á participación do centro nas charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre “o uso das tecnoloxías”</b>	Persoa coordinadora ACEE Persoas titoras de 5º e 6º de EP	30/10/2022	Aulas/biblioteca do centro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.2:Contactar con entidades para visitas, charlas, obradoiros... sobre novas tecnoloxías.</b>	Persoa coordinadora ACEE Persoas titoras	20 Xuño 2023			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



<b>“Área/s de mellora”: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS (C)</b>						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Actualizar e/ou renovar dispositivos dixitais e redes do centro. (C8)				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo e persoa coordinadora TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	1 Cantidad de dispositivos actualizados e/ou renovados 2 WIFI integral instalada no centro					
<b>Valor de partida</b>	33% de PDI renovadas, 10% de equipos informáticos renovados, ausencia de rede WIFI integral					
<b>Valor previsto e data</b>	100% PDI, 25% de equipos informáticos actualizados e/ou renovados e instalación da rede WIFI edu.xunta.			20 Xuño 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A03.1: Reorganizar horarios co fin de ter, dispoñibilidade horaria suficiente, para a coordinación TIC</b>	Equipo directivo	15 Setembro 2022	Persoa coordinadora		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.2: Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro</b>	Persoa coordinadora	20 Decembro 2022	Persoa coordinadora Claustro Táboa de inventario		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.3: Solicitar e instalar os novos dispositivos á vista da análise do estado do inventario.</b>	Persoa coordinadora	20 Xuño 2023	Persoa coordinadora Claustro Táboa de inventario		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS (E)</b>						
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Potenciar o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado. (E3)				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Persoa coordinadora TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro polos docentes implicados. (Instrumento: enquisa aos docentes implicados)					
<b>Valor de partida</b>	Non aplica (sen datos previos)					
<b>Valor previsto e data</b>	4 actividades realizadas co alumnado na AV por docente.			20 Xuño 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A04.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro.</b>	Persoa coordinadora TIC	30/10/2022	AV Listaxe actualizada de alumnado e profesorado do curso		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A04.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro.</b>	Equipo docente das distintas materias	20 Xuño 2023	Actividades creadas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A04.3: Traballar co alumnado nas actividades creadas.</b>	Equipo docente das distintas materias	20 Xuño 2023	Actividades publicadas na aula virtual		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F)**

<b>OBXECTIVO 5:</b>	Adaptar actividades de aprendizaxe dixitais ás necesidades do alumnado NEAE. (F1)	<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Departamento de Orientación	<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de actividades adaptadas ás necesidades. (Instrumento: listaxe de control trimestral do profesorado implicado)		
<b>Valor de partida</b>	Non aplica (sen valor cuantificado)		
<b>Valor previsto e data</b>	3 actividades adaptadas por para cada alumno con NEAE	20 Xuño 2023	

**ACCÍONS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A05.1: Incorporar no Plan Xeral de Atención á Diversidade a implementación deste obxectivo.</b>	Persoa Orientadora	31 Outubro 2022	PXAD Informes individualizados do alumnado con NEAE.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.2: Adaptar os contidos ás necesidades.</b>	Persoas titoras Profesorado especialista	31 Xuño 2023	Software específico para a adaptación. Programación Didácticas das distintas materias.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.3: Compartir as adaptacións creadas nun banco de recursos na AV.</b>	Membros do Departamento de Orientación	20 Xuño 2023	Contidos/actividades adaptadas AV		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnológicas

Aínda que o centro conta cun equipamento e infraestrutura tecnológicas que a primeira vista podería parecer suficiente e óptimo no seu rendemento, cabe destacar que non é o caso xa que a maioría dos equipos están moi obsoletos e incluso re-acondicionados, e a rede de conectividade coa que se conta, non funciona correctamente e non chega ben a todas as aulas na que se require o seu uso.

A continuación faise un repaso de todas as necesidades coas que se conta no centro. As aulas dixitalizadas non contan cunha conectividade para o bon desenvolvemento do proceso de ensino aprendizaxe debido aos problemas de que a rede WIFI non chega correctamente a todas as aulas. Por iso precisamos a instalación da rede WIFI corporativa edu.xunta.es, cos correspondentes puntos de acceso novos e adecuados as nosas instalacións para que den conectividade a todas as aulas e espazos do centro e poder realizar actividades educativas nos mesmos.

Así mesmo, os equipos informáticos, proxectores e pizarras/pantallas dixitais das aulas están obsoletos e incluso re-acondicionados para poder facer uso deles, o seu funcionamento non é o correcto provocando incluso ter que non usalo para non perder tempo no momento no que se precisan, e dicir, durante o horario lectivo co alumnado, facendo de novo que o proceso de ensino aprendizaxe ás veces non sea o óptimo. Por esta razón necesitamos a actualización de 8 pizarras interactivas para as aulas de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º de EP, aula de música e aula de inglés. A actualización do equipamento de cada aula 12 ordenadores de sobremesa para uso por parte das persoas titoras e/ou especialistas de cada aula.

Tamén sería conveniente contar con 25 ultraportátiles ou tablets co seu correspondente carro de carga que permitise actuar de aula de informática móbil entre as clases para apoio diario no proceso de ensino-aprendizaxe, potenciado así o traballo da competencia STEM.

Con referencia aos equipos adicados á xestión e a administración do centro, o equipo directivo conta cos seus equipos informáticos e dúas impresoras, e a conserxería, conta cun ordenador, aínda que ocorre o mesmo que cos equipos destinados ás aulas mencionadas anteriormente, o funcionamento non é o óptimo para poder desenvolver a súa tarefa dunha maneira adecuada. Precisamos de equipamento actualizado tanto para equipo directivo,

xeatura, e secretaría (3 postos en total) así como unha impresora para uso por parte da secretaria do centro.

Na biblioteca do centro non hai equipamento destinado ao uso do alumnado nin para outros usuarios que non sexan o profesorado ou o equipo de dinamización da biblioteca, provocando que a consulta de catálogo, busca de información... sexa moi complicada. Precisaríamos dispor de 4 ordenadores e 4 tablets para ter no espazo de biblioteca e que o alumnado poda consultar libros, información ou realizar actividades interactivas relacionadas ca temática que se estea a tratar na biblioteca nesas semanas.

En canto aos equipos da sala de profesores, conectividade á rede WIFI, dous ordenadores e unha fotocopiadora cabe destacar o mesmo que nos outros intres mencionados. A conectividade non é adecuada en toda a sala xa que non se poden facer videochamadas sen que ocorran cortes na mesma, os equipos coma son os ordenadores están moi vellos e o seu funcionamento non é o correcto para poder desenvolver unha boa tarefa docente. Co arranxo da WIFI precisaríamos de 2 equipos sobremesa de sobremesa para a sala de mestres para que os docentes poidan utilizar para preparar actividades, busca de información, etc... En caso de que non conten con cámara web, precisaríamos 2 cámaras para poder realizar reunións con outras entidades ou familias de xeito telemático.

Con respecto ao departamento de orientación ocorre o mesmo co único ordenador que teñen, non funciona correctamente, facendo así que todo o proceso de traballo de orientación sexa moito máis lento e ineficiente do que debería, ademais non conta con impresora propia. Dado o carácter confidencial e de carácter privado que se tratan no Departamento é necesario dotalo cun equipo de sobremesa e impresora propia. Ademais para a atención a alumnado con NEAE, para a aula de PT e AL solicítanse dúas tablets ou ultraportátiles para o traballo con aquel alumnado que encontra barreiras no acceso a outro tipo de materiais impresos como os libros de texto.

Con referencia á aula de informática, todos os equipos dos que está composta están moi obsoletos e bastantes deles adoitan deixar de funcionar con moita frecuencia, facendo así que o uso individual que o alumnado debería poder facer non sexa posible. Polo tanto, o proceso de ensino aprendizaxe tampouco se leva a cabo nas condicións nas que se espera. Solicítase a instalación SSD e RAM nos 26 postos da aula de informática así como a instalación dunha Pantalla Dixital Interactiva.

Os servizos dixitais educativos tamén teñen un papel moi importante no proceso de ensino aprendizaxe así coma método de comunicación con axentes da comunidade educativa como son as familias. Para isto considérase a necesidade de mellora da páxina web en canto a facilitar a súa configuración e manexo máis sinxelo e eficiente. Aínda que existen recursos coma as Aulas abertas das Web Dinámicas, o funcionamento resulta complicado e con aspectos moi restritivos. Para un mellor uso solicítase a rede ABALAR coa WIFI para que os equipamenteos destinados a traballar co alumnado teñan conexión WIFI automáticamente.

Por último, para dar resposta ás demandas do novo currículo e o traballo coa competencia STEAM solicítanse 6 equipos de robótica educativa, unha impresora 3D e material maker para a creación dun espazo maker, 3 mesas de luz destinadas ás tres aulas de educación infantil e un equipo de croma con tablet para uso por parte de todas as aulas do centro.

#### **4. Avaliación do plan**

Todo documento e plan require dunha avaliación para coñecer o resultado acadado durante a súa implantación así coma unha avaliación continua para saber como se está desenvolvendo a aplicación e se se require algún tipo de cambio, mellora ou rectificación. Sendo o presente documento a primeira versión que se leva a cabo, é necesaria a avaliación para unha futura versión máis mellorada.

Polo tanto, o procedemento de avaliación constará de varios momentos.

Un primeiro momento referido a avaliación continua, a cal farase cunha frecuencia trimestral coma mínimo valorando aspectos como o estado de execución e a posta en marcha das accións presentadas nas táboas dos obxectivos, a análise e valoracións dos resultados obtidos, e de ser o caso, as posible modificación desas accións mencionadas así coma as propostas de mellora.

O segundo momento desta avaliación fai referencia a unha avaliación final na que a frecuencia neste caso será dunha vez ao ano, marcada está si ao final do curso escolar. Nesta valoración teranse en conta aspectos coma os obxectivos marcados no Plan de Acción e a súa consecución, así como os aspectos a mellorar e as súas propostas.

Con este proceso de avaliación conseguirase chegar ao desenvolvemento dunha nova versión deste plan, co fin de mellorar a competencia dixital da comunidade educativa.

## 5. Difusión do plan

O presente documento require dunha difusión para que a comunidade educativa poida así coñecer todos os aspectos relacionados co Plan Dixital, e poidan así formar parte tamén da anteriormente mencionada avaliación e o seu proceso de mellora.

Para dita difusión farase uso dos recursos dixitais corporativos cos que conta o centro educativo. Neste caso refírense á propia páxina web do colexio

(<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplabaca/>) na que o Plan Dixital estará dispoñible.

Ademais, tamén se utilizará a aplicación móbil Abalar para comunicar á toda comunidade educativa, neste caso as familias, de que o plan estará dispoñible no recurso antes mencionado.